

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 22 de xaneiro de 2026 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación das actas correspondentes á sesión ordinaria do 22 de decembro de 2025 e á sesión extraordinaria do 23 de decembro de 2025.
- * Aprobación da convocatoria de eleccións de representantes do Claustro Universitario.
- * Aprobación da modificación do calendario académico do curso 2025-2026.
- * Aprobación da proposta dos premios extraordinarios de doutoramento curso 2024-2025.
- * Aprobación do plan de Subvencións.
- * Elevación ao Consello Social da proposta de aprobación da aceptación pola Universidade de Vigo da doazón pola empresa KEYSIGHT TECHNOLOGIES duns equipos para dotar laboratorios docentes de electrónica analóxica na Escola de Enxeñaría Industrial.
- * Aprobación da convocatoria de mobilidade para as prazas do Contrato-Programa.
- * Aprobación dunha emenda de carácter transitorio á Normativa de Dedicación e Recoñecementos Docentes.
- * Aprobación da modificación do Regulamento de Réxime Interno do centro de investigación AtlanTTic.
- * Aprobación do acordo polo que se modifica o artigo 5 do Regulamento de organización e funcionamento da Unidade de Diversidade da Universidade de Vigo.
- * Elección de representantes na Comisión de seguimento do Plan Estratéxico:
 - Sector PTXAS:
 - Juan Ignacio Nogueira Alonso (Campus Vigo)
 - María Rita Velasco Graña (Campus Vigo)
 - Sector estudantes:
 - Anxo López Rodríguez (Escola Superior de Enxeñaría Informática)

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.